

# SELO DE RECOÑECIMIENTO UECOE



---

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN

A fortaleza dos máis de 600 centros educativos da UECOE e a natureza cooperativa con todas as institucións adicadas ao difícil labor educativo provocou un período de reflexión en referencia aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Non cabe dúbida de que, dende hai anos, o traballo da Escola é incansable con respecto ao seu obxectivo esencial de educar e promover a aprendizaxe necesaria para nenos, nenas e mozos para que poidan crecer sans e coa posibilidade de atopar o seu lugar no mundo. Para que poidan converterse en cidadáns de pleno dereito, exercendo os seus dereitos e obrigas en ámbitos locais e globais.

Por iso, a UECOE, non pode máis que levar a cabo esta acción dirixida ao recoñecemento explícito do voso traballo e do impacto que a súa difusión, ben a través do noso propio alumnado ou sendo un exemplo como referentes sociais educativos, tivo e, estamos convencidos, tamén está a ter no presente curso.

As actividades educativas que realizan os centros e a esencia do proceso de ensino-aprendizaxe, deberían visibilizarse con maior intensidade. Así, e co convencemento de que, compañeiros e compañeiras, vos manifestamos no parágrafo anterior, poñemos en marcha estas Bases de Participación para obter o Selo de recoñecemento da UECOE “Colexios ODS Cooperativos”.

### OBXECTIVOS

- 1) Recoñecer e visibilizar o traballo dos centros educativos no avance dos ODS Axenda 2030 e a súa conexión co traballo pasado e futuro.
- 2) Visibilizar o papel das cooperativas no cumprimento dos ODS e a relación entre a visión de Nacións Unidas para un futuro sostible e os principios cooperativos.
- 3) Recoñecer o esforzo por vincular contidos curriculares cun verdadeiro “aprendizaxe coa acción” –learning by doing, no que o alumnado se converta en axentes individuais e grupais de cambio, así como actividades nas que participa o resto da Comunidade Educativa ben por acción directa ou por impregnación.
- 4) Recoñecer as repercusións directas que as actividades dos centros poidan ter na súa contorna social directa e local ou, se é o caso, local e global.
- 5) Coñecer o alcance da inmensa e variada actividade docente para, en definitiva, facer do alumnado cidadáns que melloren o mundo coas súas accións.
- 6) Valorar o labor dos centros educativos como elementos esenciais e axentes sociais de cambio.

## DESTINATARIOS E ALCANCE:

Poderán participar na obtención do Selo de recoñecemento UECOE “Colegios ODS Cooperativos” todos os centros asociados á Unión Española de Cooperativas de Ensino – UECOE, ben directamente ou a través das súas organizacións territoriais asociadas.

Así mesmo, poderán presentarse para obtención do Selo de recoñecemento UECOE centros cooperativos que desenvolvan as súas funcións no ámbito estatal e no territorio estranxeiro, con independencia do tipo de ensinanza ou metodoloxía educativa que impregne o seu Proxecto Educativo de entre os recoñecidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deporte.

A saber, centros de Educación Especial, centros de difícil desempeño, Centros Rurais Agrupados, Escolas de Educación Infantil, Escolas de Educación Primaria, Centros de ESO e/ou Bacharelato, Formación Profesional e centros de ensinanzas integradas.

A UECOE inclúe unha categoría destinada a centros que desenvolven o seu traballo en territorio fóra de España, tanto intra como extracomunitario. Cada centro inscribírase nas categorías descritas segundo as actividades que teñan implantadas ou realizarán ao longo do curso 2023-2024.

A organización resérvase o dereito de solicitar en calquera momento do procedemento de solicitude aqueles documentos que xustifiquen a veracidade dos datos facilitados. Se se considera necesario, o equipo técnico de avaliación manterá unha entrevista cos participantes para completar a avaliación.

## MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Hai dúas modalidades de participación para obter o Selo de recoñecemento UECOE “Colexios ODS Cooperativos”:

- Modalidade A.  
Experiencias puntuais nas diferentes etapas educativas.
- Modalidade B.  
Experiencias verticais aplicadas en todos os cursos, niveis ou etapas do centro.

Cada unha destas modalidades subdividirase en tres categorías diferentes:

- ✓ Centros cunha poboación matriculada inferior a mil alumnos e alumnas.
- ✓ Centros cunha poboación matriculada de máis de mil alumnos e alumnas.
- ✓ Centros situados fóra do territorio nacional.

## INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Para a participación na obtención do Selo de recoñecemento da UECOE “Colexios ODS Cooperativos” hai que seguir as seguintes fases:

- **Fase de rexistro.** O centro deberá inscribirse manifestando o seu interese en participar a través da ligazón <https://forms.gle/iKJDkt5zjLqyKmHJ9>
- **Fase de confirmación:** Unha vez cumprimentado o formulario, dende a UECOE enviarase un modelo de guía para que poidan expoñer a actividade ou actividades, así como os proxectos vinculados ao recoñecemento deste selo.
- **Fase de presentación:** O centro educativo presentará o modelo oficial no que se expón a actividade ou proxectos vinculados ao recoñecemento deste Selo, a súa relación co currículo correspondente á etapa ou etapas nas que participa, a descrición detallada dos mesmos e a súa vinculación explícita cun ou varios dos 17 ODS, as accións emprendidas para a súa difusión, as repercusións no centro e no medio local ou global e os medios empregados para a súa difusión ou outros recoñecementos que puidesen ter obtido. A isto pódese engadir unha infografía ou descrición cualitativa do devandito modelo.

Os modelos presentados deben cumprir os seguintes requisitos:

- Cada centro enviará un modelo por cada unha das modalidades (A ou B) nas que se inscribiu. Se te rexistrastes en ambos, enviarás dous modelos, un para a Modalidade A e outro para a Modalidade B.
  - A extensión dos modelos limitarase ao número de páxinas do modelo presentado. Se o centro considera que se precisa máis explicación sobre as súas actividades, toda esta información incluírase en documentos separados que se poderán enviar xunto co modelo.
  - No caso de inscricións na Modalidade A, enviarase un único modelo onde se indiquen todas as actividades realizadas. Se o centro considera que é necesario unha explicación adicional, toda esta información incluírase en documentos separados.
  - Todos os modelos deberán estar asinados polo director/a do centro educativo.
  - O modelo e a ficha de inscrición deberán cubrirse en castelán, e o resto de documentos e recursos adxuntos poderán estar redactados en calquera das linguas oficiais das comunidades autónomas nos que están feitos.
- **Fase de estudo das actividades e proxectos presentados:** Finalizado o prazo de presentación, a Comisión de Seguimento do Selo “Colexios ODS Cooperativos” da UECOE e a comisión técnica constituída ao efecto procederán á revisión e análise de cada unha das solicitudes, trasladando as propostas ao Xurado.
  - **Fase de resolución e entrega do Selo.** Reunido o Xurado, procederase á resolución e selección dos centros docentes recoñecidos co Selo “Colexios ODS Cooperativos”, nesta edición 2023-2024, que se entregará na celebración das VI Xornadas “As Cooperativas de Ensino e o seu papel na Axenda 2030” organizadas pola UECOE. De todos os centros recoñecidos seleccionaranse tres finalistas en cada unha das modalidades e categorías, e á súa vez, de entre estes, elixírase o que máis destaque en cada unha das subcategorías.

## PRAZOS DE PRESENTACIÓN E SEGUIMENTO

- **Fase de inscrición:** Presentación da solicitude de participación:
  - Ata o 15 de marzo de 2024.
- **Fase de presentación:** Presentación do modelo e documentación:
  - Ata o 15 de xullo de 2024.
- **Fase de estudo das actividades e proxectos presentados:**
  - Ata o 1 de outubro de 2024
- **Fase de resolución e entrega do Selo:**
  - Outubro - novembro de 2024.

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión do Selo de recoñecemento da UECoE “Colexios ODS Cooperativos, realizarase mediante a análise, estudo e escoita polo Xurado constituído para tal fin, sobre as actividades e proxectos deseñados por cada centro educativo relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible – ODS e a súa implementación, valorando:

- A capacidade de difusión social que puideron ter estas actividades a través das redes sociais, os medios de comunicación e a implicación da Comunidade Educativa.
- O impacto social e ambiental das actuacións a nivel local e global.
- As actividades que, estando claramente vinculadas aos ODS, tamén teñen unha clara relación co currículo establecido pola LOMLOE para os distintos niveis, etapas e estudos regulados a nivel nacional.
- Tamén se observarán as peculiaridades económico-sociais e de localización xeográfica de cada centro participante, dando gran importancia ao esforzo dos centros que poderían ter maiores dificultades para levar a cabo este labor tan importante.
- E valorarase que os centros marquen 3 obxectivos (Metas dos ODS), é dicir, un obxectivo ambiental, un obxectivo social e un obxectivo de gobernanza, este máis dirixido aos Consellos Reitores.

## XURADO

As solicitudes de participación para a obtención do Selo de recoñecemento da UECoE “Colexios ODS Cooperativos”, serán sometidas á consideración dun Xurado, que será o órgano encargado de conceder o recoñecemento e a posterior selección dos proxectos máis destacados xunto cos membros do Comisión de Seguimento do Selo UECoE “Colexios ODS Cooperativos”, o Xurado estará composto por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da educación, a sustentabilidade e a Economía Social, así como representantes da UECoE. As decisións do xurado serán inapelables. Así mesmo, o xurado poderá declarar desertos os recoñecementos que considere oportunos.

O fallo do xurado coñecerase antes do 20 de outubro de 2024.

Para a realización dos traballos de avaliación técnica e valoración dos proxectos recibidos, o Xurado contará co apoio dunha Comisión Técnica integrada por persoas expertas, que realizará unha valoración cualificada de cada unha das solicitudes presentadas en prazo, conforme aos criterios de valoración establecidos nas presentes Bases.

O Xurado realizará unha análise pormenorizada dos traballos recibidos e posteriormente, de entre todos os centros recoñecidos co Selo, seleccionárase:

- ✓ Tres centros finalistas por subcategoría ata acadar un total de dezaioito, puidendo en todo caso, por decisión do Xurado, quedar algunha deserta.
- ✓ E destes centros finalistas concederáse un recoñecemento especial en cada subcategoría ao centro que puidera ter impactado co seu traballo de xeito unánime no Xurado.

Todos os centros educativos recoñecidos co selo UECOE “Colexios ODS Cooperativos” recibirán a súa correspondente placa como certificación e os centros finalistas tamén obterán a distinción de “Colexios ODS Cooperativos”.

O día do Acto de Entrega do Selo, o centro educativo finalista de cada unha das subcategorías realizará unha exposición pública do seu proxecto cunha duración de 5 a 10 minutos.

## CONFIDENCIALIDADE

A UECOE garantirá a confidencialidade das solicitudes durante o proceso de rexistro de solicitudes e presentación das actividades e proxectos.

Unha vez emitido o fallo do Xurado, poderase difundir e dar a coñecer todos os proxectos presentados, así como os nomes do profesorado, do alumnado membro de cada candidatura e do Centro Educativo ao que pertencen. Tratándose da divulgación de imaxes e vídeos en moitos casos, a UECOE obterá unha autorización especial conforme á normativa aplicable en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Como consecuencia da aplicación da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e do Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 RXPd, os participantes nesta iniciativa autorizan a UECOE, de xeito gratuíto, a difundir, reproducir, distribuír e comunicar publicamente as actividades e proxectos presentados polo medio que considere máis axeitado, incluída Internet, sen limitación de tempo; así como amosar a súa imaxe e/ou voz nas fotografías, entrevistas e gravacións realizadas nos actos organizados con motivo da entrega de premios. No caso de que non estean de acordo coa súa difusión, xunto coa presentación do proxecto, deberán incluír a non conformidade mediante un escrito.



## DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

As actividades e proxectos presentados incorporaranse aos recursos educativos da UECOE, polo que a súa consulta estará aberta a calquera persoa que acceda ao portal. A súa propiedade intelectual, non obstante, segue sendo en todo caso dos participantes, entendéndose que, coa aceptación destas bases e a súa participación, o centro participante cede o material con carácter indefinido para a súa publicación e acepta calquera uso e difusión que a UECOE queira darlle. A UECOE citará, en calquera publicación para a que utilice as obras, a súa orixe e aos seus lexítimos propietarios.

## ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude de participación para a obtención do Selo de recoñecemento da UECOE “Colexios ODS Cooperativos” implica a aceptación de todas e cada unha destas Bases, así como de calquera resolución que se adopte por incidencias imprevistas, tanto por parte da Organización como polo Xurado, cuxa interpretación corresponde aos seus membros.

A UECOE resérvase, na medida en que o permita a lei, o dereito a modificar as bases en calquera momento se as circunstancias así o requiran e está facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas Bases, así como para interpretarlas. A modificación darase a coñecer e entrará en vigor a partir da data do seu anuncio.

